



XUNTA
DE GALICIA




UNIÓN EUROPEA



galicia

TRANSFORMANDO EMPRESAS



CURSOS DE FORMACIÓN
DIRIXIDOS A EMPRESAS
PARA A MELLORA ACTIVA
NOS ENTORNOS

**PERSOAS
TECNOLOXÍAS
INNOVACIÓN CREATIVA**



Fondo Social Europeo · O FSE inviste no teu futuro

FORMACIÓN EN EMPRESAS SAUDABLES

Para satisfacer a necesidade de fomentar a cultura da organización/empresa saudable, promovendo hábitos que permitan conseguir organizacións sas, saudables e sustentables, plantexamos esta proposta formativa, impartida pola empresa ÁREAS DE FORMACIÓN ESTRATÉGICA, S.R.L., centrada nos seguintes módulos:

- **Liderado saudable**, ten como obxectivo descubrir a importancia do traballo en equipo nas organizacións, adquirir habilidades para desenrolar e participar en equipos de traballo eficientes, orientar pautas de comportamento favorables ao resultado final e reflexionar sobre a relación responsable- colaborador.

- **Linguaxe saudable**, ten como obxectivo empregar unha linguaxe positiva e eficaz, eliminar expresións non desexables e substituílas por expresións positivas, empregar técnicas de comunicación positiva e diferenciar persoas con alta e baixa habilidade social.

- **Creatividade e solucións de problemas para reducir o distrés**, ten por obxectivo desenrolar o potencial creativo, obter o máximo rendemento do capital intelectual de todos os integrantes do equipo, xerando e implementando ideas creativas e innovadoras.

Obxectivo e enfoque

Os talleres serán presenciais e aplicaranse metodoloxías didácticas que fomenten a aprendizaxe activa e dinámica por parte dos/as participantes.

Destinatarios da formación

Persoal en activo en empresas galegas ou con centro de traballo en Galicia: profesionais con experiencia directiva ou xefes/as de unidades organizativas; coordinadores/as de proxectos, encargados/as ou mandos intermedios e, en xeral, aqueles que queiran desenvolver e optimizar a súa capacidade para dirixir persoas.

Prazas: 15 por módulo

Datas:

Liderado saudable : sábado, 24 de febreiro e sábado 3 de marzo, de 10:00 a 14:00h

Linguaxe saudable: sábado 10 de marzo e sábado 17 de marzo, de 10:00 a 14:00h

Creatividade e solucións de problemas para reducir o distrés: sábado 7 e sábado 14 de abril, de 10:00 a 14:00h

Localidade e infraestruturas

Lamiño, 26 Código postal: 15.865 Brión (A Coruña)

Áreas de Formación Estratégica, S.R.L.

<http://areasdeformacion.com>

 galicia igapeXUNTA
DE GALICIA

A capacitación do capital humano das empresas é un aspecto esencial para mellorar a súa competitividade e permitir a adaptación ao cambio e a innovación. Dentro das organizacións existen dificultades para entender e aceptar os novos paradigmas que introduce a Industria 4.0: a colaboración competitiva fronte á competencia pura, a virtualización dos procesos produtivos, etc. O IGAPE está avanzado nesta dirección e quere poñer en marcha programas que suplan estas carencias co obxectivo de axudar á transformación das empresas mediante a excelencia organizativa e o desenvolvemento de novas competencias nas persoas que as xestionan.

Con este obxectivo deseñáronse estes tres programas formativos, que teñen como característica común a súa especificidade e o seu carácter diferencial e innovador.



Fondo Social Europeo · O FSE inviste no teu futuro